# ACTO DE PRESENTACION DO LIBRO

## "MEMORIAS. RICARDO PEREZ MEDIN"

**Estimados amig@s,**

**Comprácenos trasladarvos INVITACION ao Acto de Presentación do libro *MEMORIAS. RICARDO PEREZ MEDIN*, que terá lugar o vindeiro Sábado día 27 de febreiro, ás 12 horas, no "Centro Social A Rúa" de Miño (A Coruña).**

**As súas Memorias, editadas pola Fundación Luís Tilve, inclúen colaboracións de diversos historiadores que describen o contexto social e político da vila de Miño nos anos trinta. Coa súa presentación publica, queremos recordar a súa figura e tamén tributarlle un modesto homenaxe.**

**Esperando poder contar coa vosa presenza, recibide un cordial saúdo.**

**Ricardo Pérez Medín naceu en 1908, na localidade de Miño (A Coruña), falecendo en Panamá, en Agosto do ano 2009, á idade de 101 anos. Foi un dos fundadores da UGT e da Agrupación Socialista de Miño en 1931, sendo elixido Alcalde desta vila en 1936. Tralo golpe militar conseguiu fuxir nunha pequena lancha pesqueira, de nome "La Golondrina", xunto coa súa muller e outros nove compañeiros. Partindo do porto de Miño, conseguirían chegar a Burdeos, atravesar Francia, e reincorporarse ás forzas da República en Valencia e Cataluña, de onde retornaría a Francia para emprender o longo exilio en terras americanas.**

**Volvería a Miño 31 anos despois da súa fuxida, no ano 1968, sendo dende entón un visitante regular tódolos anos, contribuíndo á reconstrución do Partido Socialista na localidade coa chegada da democracia. A Agrupación Socialista de Miño leva hoxe o seu nome.**